

ACTA N° 01/2012

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2012.

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.
- 2º.- Resolucións da Alcaldía.
- 3º.- Disolución do Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca do Morrazo e integración no Consorcio Provincial de Pontevedra.
- 4º.- Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por diversas facturas.
- 5º.- Rogos e preguntas.

Señores asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. Rosa Solla Veiga

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

Dna. Coral Ríos Santomé

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 26 de xaneiro do 2012, sendo as 20:05 horas, reúnen os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Ferverza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno ordinario, anunciado para o día de hoxe.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 15/11 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2011.

O Sr. Secretario sinala que á marxe de outras posibles rectificacións, na páxina 31 da acta hai un erro. No punto 10 onde di: “*O Sr. Alcalde pide unha cuestión de orde. Nós non estamos invitados a esta festa. Non nos interesa*”, debe dicir: *O Sr. Millán pide unha cuestión de orde. Nós non estamos invitados a esta festa. Non nos interesa*”. Foi o Sr. Millán o que falou e solicitou a cuestión de orde.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que os Concelleiros do seu Grupo van votar a favor da acta, de acordo ca promesa feita ao inicio da lexislatura e en atención á función do Secretario, pero no punto número dez da orde do día a nosa posición formal é a de abstención, aínda que nese punto non estivemos presentes.

Non se suscitan outras intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a a acta nº 15/11 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2011, quedando aprobada, ca citada rectificación, por dezaseis votos a favor, oito dos Concelleiros do PP, sete dos Concelleiros do BNG, e un da Concelleira do PSG-PSOE, Sr. Freire, e ca abstención do Concelleiro do PSG-PSOE, Sr. Pastoriza.

2º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere preguntar sobre algunha das resolucións aprobadas dende a celebración do anterior pleno ordinario.

Non se suscitan intervencións.

3º.- DISOLUCIÓN DO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA COMARCA DO MORRAZO E INTEGRACIÓN NO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.

O Sr. Alcalde procede a dar lectura a proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Disolución Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca do Morrazo

Visto que o Pleno do Consorcio de bombeiros do Morrazo en data 13 de outubro acordou a disolución do Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca do Morrazo e a súa integración no Consorcio Provincial de Pontevedra

Visto que dito acordo foi obxecto de publicación no BOP de Pontevedra nº 232, de 2 de decembro de 2011, estando sometido a información pública sen que contra dito acordo se presentaran ata a data de hoxe alegación algunha.

Visto o informe de Secretaría de data 24 de xaneiro de 2012, respecto dos trámites a seguir.

Visto que neste momento procede a aprobación da disolución do Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca do Morrazo e a súa integración no Consorcio Provincial de Pontevedra por cada unha das entidades consorciadas, sendo unha delas o

Concello de Moaña e sendo competente para a adopción de dito acordo o Pleno da Corporación co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

Visto todo o anterior e en cumprimento da legalidade, propoño ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Disolver o Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca do Morrazo.

Segundo.- Integrar o Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca do Morrazo no Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, dando cumprimento así ao establecido na DT do Decreto 36/2011 de 17 de febreiro, polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento

Terceiro.- Manter o funcionamento do Consorcio contra incendios e salvamento da comarca do Morrazo con carácter transitorio ós únicos efectos de rendición das Contas Xerais pendentes.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo á Secretaría do Consorcio contra incendios e salvamento da comarca do Morrazo para que surta os efectos oportunos.”

O Sr. Alcalde engade que o consorcio estaba financiado por Xunta de Galicia e Deputación e que o acordo que se tomou foi para a coordinación dos parques e para prestar un mellor servizo que será xestionado a nivel provincial.

Non hai más intervencións e o Sr. Alcalde somete a a votación a proposta da Alcaldía sobre a disolución do Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca do Morrazo, quedando aprobada por dez votos a favor, oito dos Concelleiros do PP e doua dos Concelleiros do PSG-PSOE e sete abstencións, dos Concelleiros do BNG, cos seguintes acordos:

Primeiro.- Disolver o Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca do Morrazo.

Segundo.- Integrar o Consorcio contra Incendios e Salvamento da Comarca do Morrazo no Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, dando cumprimento así ao establecido na DT do Decreto 36/2011 de 17 de febreiro, polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento

Terceiro.- Manter o funcionamento do Consorcio contra incendios e salvamento da comarca do Morrazo con carácter transitorio ós únicos efectos de rendición das Contas Xerais pendentes.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo á Secretaría do Consorcio contra incendios e salvamento da comarca do Morrazo para que surta os efectos oportunos.

4º.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR DIVERSAS FACTURAS.

O Sr. Alcalde sinala que o importe total do expediente ascende a catrocentos doce mil cento cincuenta euros e dezasete céntimos procede a dar lectura aos acordos propostos:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 24 de xaneiro de 2012 por defectos na tramitación administrativa seguida nos expedientes de gasto, toda vez que os servizos foron efectivamente executados e o non recoñecemento das obrigas económicas por parte do Concello implicaría un enriquecemento inxusto do mesmo.

SEGUNDO.- Aprobar mediante recoñecemento extraxudicial de créditos e recoñecer as obrigas derivadas da relación de facturas e gastos do Concello que figuran no expediente (ANEXO) por importe acumulado de catrocenos doce mil cento cincuenta euros e desásete céntimos imputando o gasto, polos importes recollidos, ás partidas referidas.

O Sr. Alcalde engade que no Concello quedan por recoñecer un millón corenta e catro mil euros . Do ano 2011 quedan cincocentos vinte mil euros.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que respecto deste asunto pouco van intervir. Pido que se inclúa en acta deste Pleno os puntos sete da acta plenaria de data 26 de marzo do 2010 e o punto catro da acta do Pleno de 24 de febreiro de 2011. Non é que subscribamos as súas intervencións. Unicamente que o Alcalde teña constancia do que dixo neses plenos. Tamén debe recollerse que no Pleno do 26 de marzo do 2010 foi cando amenazou a este Concelleiro a ir ao Xulgado para pedir a inhabilitación, o mesmo que fixo con outro Concelleiro do BNG. En parte xa cumpriu. No debate do Pleno de febreiro de 2011 tivo que acudir a fantástica discusión do destino de catro ordenadores e de un pen drive que ían ser destinados a piratear películas de internet. Gostaríanos que cando o Alcalde revise a acta lembre o que dixo nese Pleno sobre a irregularidade destes acordos dende o ano 2008:

“7º.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR DIVERSAS FACTURAS.

O Sr. Alcalde sinala que se trae a aprobación un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por diversas facturas do Concello máis algunha outra do Patronato Beiramar.

Seguidamente o Sr. Alcalde expón as contías e importes incluídos no expediente e engade que son gastos que non foron facturados convenientemente no 2009 ou sen crédito orzamentario no seu momento e que deben aprobarse contra o Orzamento do 2010.

O Sr. Fervenza, Voceiro do PP, afirma que antes falaba do incumprimento do Plan de Saneamento. Isto é un fiasco. Tráenos un recoñecemento extraxudicial de crédito. Pídenos que avalemos a súa mala xestión. O informe da Intervención é demoledor. Isto é grave. Rozamos a ilegalidade. Pode haber unha urxencia ou un imprevisto, pero hai gastos incluídos que se remontan ao ano 2007. ¿Onde estaban esas facturas?. Trae tamén facturas que non son do Concello. Tamén ha gastos derivados de contratacións verbais. Non vexo motivos de emerxencia. Isto roza o fraude de lei. Hai gastos por asistencia a tribunais que incumpren o requisito da titulación dos componentes.

O Sr. Alcalde pregunta se o Sr. Fervenza está a dicir que os funcionarios rouban ao Concello.

O Sr. Ferverza responde que el non o di, dino o Interventor. Alcalde, vostede pasa os reparos por onde lle da a gana. O Informe di: “Como xa se indicou en informes emitidos por esta Intervención no ano 2009, os gastos totais facturados no ano 2009 en concepto de subministro de materiais de construción e de material de limpeza, conservacións e reparacións eléctricas e de fontanería, subministro de combustible para vehículos municipais, comunicacións telefónicas, subministro de enerxía eléctrica e traballos realizados por outras empresas nas infraestructuras municipais, superaron os límites establecidos para os contratos menores no artigo 122.3 da LCSP, de forma que o seu fraccionamento e tratamento como contrato menor supuxo un incumprimento do disposto no artigo 74.2 da LCSP cando di que: “Non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan”. Alcalde cometeu fraude de lei. O Interventor di o que está pasando: “As aplicacións orzamentarias con cargo ás que se propón o recoñecemento das obrigas son as ordinarias do ano 2010, feito que motivará con seguridade unha nova insuficiencia de crédito neste exercicio”. Isto é un verdadeiro fiasco. Di que nos próximos meses vains trasladar ese problema novamente. O Orzamento é fraudulento. Os que o aprobaron teñen as responsabilidades legais pertinentes. Mirade o que ides votar. Ímolo trasladar onde sexa. Isto non é normal. Incúmprese a lei sistemáticamente. Estadades incumprindo o Plan de Saneamento. Cos cartos públicos non se pode actuar así. O Interventor está falando da grave situación do Concello.

[...]

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSOE, afirma que é un asunto técnico. Hai acusacións veladas na contratación de algún tipo de material. Ao Sr. Ferverza diríalle que concretase de qué factura ou servizo debemos prescindir. O problema é máis que o que facemos o que non somos caapces de facer.

O Sr. Ferverza responde que se o Sr. Pastoriza pregunta respecto de qué gastos se debe prescindir, a regunta é clara, as exclusivas. Alcalde, góstache abrir o debate, que se o Bipartito, que se a Deputación... O único alcalde que foi condenado en Moaña foi do BNG.

O Sr. Alcalde afirma que o Sr. Ferverza debería explicar por qué ese alcalde foi condeado. Explica por qué. Segues calumniando. Explica por qué ese alcalde foi inhabilitado. Foi motivo de honra, na defensa dos veciños.

O Sr. Ferverza afirma que é imposible que o Alcalde lle deixe falar. Tes que respectarme.

(O Sr. Piñeiro e o Sr. Ferverza abandonan a sala. O Sr. Ferverza volve a entrar dous minutos despois). ”

“4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR DIVERSAS FACTURAS.

O Sr. Alcalde sinala que por esta época sempre ven a pleno un expediente de recoñecemento extraxudicial, logo do peche dos Orzamentos do ano anterior. Se recollen facturas que por diferentes causas non se puideron aprobar antes do 31 de

decembro. O importe total ascende a trescentos trinta e cinco mil centro cincoenta e tres euros e oitenta e un céntimos. Facturas sen crédito orzamentario non seu momento, facturas do 2010 que entraron no 2011 o que esixe aprobación polo Pleno, facturas que responden a gastos do 2010 e facturas de Fenosa de novembro e decembro do 2010, asistencias a tribunais nos que Secretaría acabou o expediente no 2011 e asistencias e dietas de Concelleiros e membros da Xunta de Goberno do Patronato Beiramar. Hai que levantar os reparos, de non facelo suporía un enriquecemento inxusto do Concello. En segundo lugar, hai que aprobar o expediente según figuran nos anexos e remitir estes acordos á Contabilidade Municipal.

O Sr. Ferveza, Voceiro do PP, sinala que, logo de comprobar as facturas e o informe da Intervención Municipal, de quince páxinas, pódese extraer que as cousas nons e están a facer ben no Departamento de Facenda. Incluso di que aínda quedan facturas pendentes na páxina dez di: “Como consecuencia do exposto, e co obxecto da proposta de recoñecemento da obriga con cargo ao crédito do orzamento do ano 2011, en cumprimento do disposto no artigo 216.2.a) do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, emítese informe de reparo pola ausencia, ou falta de acreditación da existencia, de crédito suficiente e adecuado no momento da contratación, pola ausencia de tramitación administrativa na súa contratación, polo fraccionamento non permitido pola Lei de contratos do sector público nos casos indicados, e pola imputación ao orzamento de gastos que non deben ser soportados polo Concello de Moaña por tratarse de gastos orixinados por entidades privadas alleas a este concello.” Na páxina 11: “Neste concello non se está a dar cumprimento ao trámite indicado, feito polo que, dende esta Intervención no momento de iniciar a tramitación do expediente de contratación de persoal non se pode expedir o preceptivo documento acreditativo da existencia de crédito suficiente e adecuado, crédito sobre o que posteriormente se autorizaría o gasto... Na composición dalgúns dos tribunais non se dou o debido cumprimento á condición establecida no artigo 34 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, cando di que ningunha persoa integrante dos tribunais terá titulación inferior á esixida para a admisión as probas, e que na súa composición debe atenderse ao artigo 36 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de homes e mulleres.” Hai expedientes como estes. “Isto motivará con seguridade unha nova insuficiencia de crédito neste exercicio.” Hai facturas do 2008, do 2009 e do 2010. algunha destas empresas pode que xa estea pechada. Retrasos nos pagos que non son normais. (O Concelleiro do PP, Sr. Abal, sae da sala). Na páxina 9 do informe di: “...o seu fraccionamento e tratamento como contrato menor supuxo un incumprimento do disposto no artigo 74.2 da LCSP”, “superaron os límites establecidos para os contratos menores no artigo 122.3 da LCSP,” facturas de alumeado público. Estase a incumprir a lei e aínda hai facturas no caixón. A situación é delicada. ¿Quen a creou?. O goberno do BNG e PSOE. Teño unha factura da oficina de Víctor Pastoriza, unha impresora de catrocentos oitenta euros. En tres meses compráronse catro impresoras. Non digo que non fagan falta, pero os importes son moi diferentes, a da biblioteca valeu sesenta e oito euros. Da biblioteca de Tirán. Coma iso, moitas cousas. O Sr. Pastoriza comprou un pen de trinta e dous megas. Será para baixar películas. Valeu cincoenta e seis euros. Hai que mirar máis polos gastos. O Interventor di que as cousas non se están facendo ben. Estades a levarnos a un endebedamento terrible. A situación

é a que é. Ademais do que se está a pagar en xuros. Pedín un informe ao Interventor, agora di que o ten o Alcalde. Son xuros de cartos dos veciños de Moaña. Non se está a traballar ben, así o pensa o PP e o Departamento de Intervención. Habería que ser máis austeros. Hai que poñerlle gañas para saír desta situación.”

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que especialmente para os Concelleiros do PP que son novos na Corporación, que é de lectura obrigatoria a acta do Pleno de 20 de xaneiro de 2011, no que se aprobaron os Orzamentos do Concello para o ano 2011, Orzamentos que agora están prorrogados. Co actual Alcalde coma actor principal pero tamén con actores secundarios. Na páxina 9, cando o Alcalde se jacta de que o Interventor admitiu as alegacións do PP aos Orzamentos. (O Sr. Pastoriza lee a acta): *“O informe admite a trámite todas as alegacións. O que fago eu é isto. (O Sr. Fervenza racha os papeis da proposta de aprobación dos orzamentos).”* Alcalde, se non lle gustan os Orzamentos que herdou, pode cambialos pero para cambiar as partidas de gastos teñen que incluír máis ingresos. Presenten uns Orzamentos que sigan este guión. Non queremos actuar coma o “perro do hortelano”. Teñen o guión escrito nesta Acta.

O Sr. Alcalde afirma que o que queda escrito queda escrito. Nós reclamabamos pola transparencia. Cando accedimos ao goberno o noso esforzo centrouse en pagar a autónomos e empresas que traballaron para o Concello e están pendentes de cobrar. Cando nos pedíamos documentación polo rexistro se nos facilitaba ás seis ou ás oito semanas. Agora téñena no momento. Hai actas onde preguntamos se había facturas no caixón. Cando cheguei atopámonos con douscentos noventa e tres mil euros de facturas no caixón. Hai facturas de varios exercizos por máis de un millón de euros. O Informe da Intervención fala de falta de acreditación da existencia de crédito suficiente e axeitado no momento da contratación. Hai un millón e pico de euros pendentes de recoñecer. A ver se agora son eu o resposanble desas facturas. Trouxestes a este Pleno no 2011 trescentos trinta e catro mil oitocentos catro euros, no 2010, catrocentos corenta mil douscentos vintecatro euros, no 2009, douscentos corenta e cinco mil setecentos corenta e cinco, no 2008, catrocentos dous mil catrocentos sesenta e dous euros e así todos os anos. Case dous millóns de euros. Cando teña algo para denunciar este é o lugar. Na Comisión Informativa Víctor preguntou se teño que asinar facturas del ou de Millán. Teño unha factura unha factura de unha empresa de Moaña por levar xente a unha manifestación contra o PP a Santiago. Non teño nada que tapar. O día que non poda dicir a verdade marchou. Isto pagámolo todos. Víctor, cando vou comprar calquera cousa, comparo calidade e prezo. E non compro o máis caro. ¿Ti fas así na casa?. Pediches tres orzamentos para un aspirador. E elixiches o máis caro. Non me invento nada. Esta é a realidade. Falo con facturas.

O Sr. Pastoriza pregunta canto costou o aspirador.

O Sr. Alcalde responde que a oferta máis barata era de cento quince con vinte euros e o Sr. Pastoriza elixiu a de cento sesenta euros.

O Sr. Pastoriza que o aspirador era para o centro de fisioterapia. Non vale calquera aparato, require unhas características especiais. E comprouse ao provedor habitual do Concello.

O Sr. Alcalde afirma que deixaron ao Concello arruinado. Nós tratamos de pagar á xente que traballa para o Concello o 1 de febreiro. Fenosa quería cortar o subministro, asinamos un convenio de pagos. Esforzámonos para pagar. Antes de traer os orzamentos

traeremos a este Pleno ese millón e pico de euros. Cando queirades traer cousas lembrareivos cousas como estas.

O Sr. Pastoriza di que marcou o guión para os orzamentos. Alcalde, atenda aos gastos, conta ca nosa comprensión. Sei da dificultade de pagar. Lea as súas alegacións na páxina 3 da acta. Sobre as alegacións dos actores secundarios, algunhas delas correspondería atendelas aos seus gobernos amigos.

O Sr. Millán di que unicamente se trata de lembrar o que figura na acta. Agora xa non estará tan comedido co que afirmaba, Alcalde. Vostede ten dereito a presentar en Pleno todos os recoñecementos extraxudiciais que queira. Tamén ten dereito a seguir facendo oposición á oposición. Nós seguiremos a facela se non o remeda alguén antes. Faremos o posible para que sigan facendo o papel de oposición. Para aprobar un expediente de recoñecemento extraxudicial precisan de nove votos. Como para aprobar os orzamentos. Afirma que quedaron pendentes douscentos noventa e tres mil euros en marzo do 2011. estaba recoñecido no informe de Intervención, pendentes de aprobar. Un millón cen mil euros en febreiro de 2012, nun caixón. Douscentos cincuenta mil euros vostede saberá cando chegaron. Probablemente en tres anos terá vostede no caixón cinco millóns de euros. Non é problema da oposición senón de quen goberna. Tócalle tentar dar solución aos problemas que vaia atopando e que vaia acumulando. Tamén podería falar das súas facturas para as fotos. Lémbrolle que o actual Goberno non pode gobernar con oito Concelleiros por moito que se diga que son moi capaces. Se lles interesa o noso punto de vista estaremos agardando. Non se pode gobernar en minoría se do único que se é capaz e de agredir verbalmente ás persoas ás que debería pedir o apoio. Como non está no seu talante o de chegar a acordos, será máis evidente. O caixón seguerá medrando porque acomete gastos que logo non pode aprobar.

O Sr. Pastoriza sinala que no papel do Interventor nos consta que as Corporacións anteriores teñen pendentes seiscentos vintetrés mil euros en x anos. Vostedes, dende xuño do 2011 contrataron por catrocentos vinteún mil cincocentos vintetrés euros, gastos e investimentos sobre os que non tiñan consignación. Cando o Ministro falou de perseguir aos políticos que aproban gastos sen partida orzamentaria. Subministros e servizos sen crédito. Secretario, faga un cursiño aos Concelleiros respecto do que poden ou non poden contratar para que os provedores saiban o que non van cobrar nunca ou as obras sen crédito.

O Sr. Alcalde afirma que vai ler solo para o Sr. Pastoriza. No 2011 trescentos trinta e catro mil euros, no 2010, catrocentos corenta mil euros, no 2009, douscentos corenta e cinco mil euros, no 2008, catrocentos dous mil catrocentos euros. ¿Aprendeches ou non aprendeches a lección?

O Sr. Pastoriza responde que el si, pero non sabe se a aprendeu o Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde sinala que igual o Sr. Millán tamén ten que vir ao curso. En oito anos afundi o Concello. imos dicir o que queremos pagar: Almacenes Canducho, Gasóleos Sanchilán, é o mesmo que vós, gasoil dos colexios, Telefónica España por liñas do Concello e locais municipais, asistencia a órganos de goberno municipais, Gas Natural... Temos que pagar a luz e tamén os alquileres. Foi o que nós compramos. Na Comisión Informativa pediron que se separaran os gastos do actual e do anterior Goberno. Aí tedes. O gas, a luz que pagabas. ¿Qué queredes separar?. Iso é unha tontería. Do que se trata é de que se pague. Nin se mercaron cadros nin medallas, unicamente auga, luz...

O Sr. Freire, Concelleiro Delegado de Facenda, sinala que na administración falta a conta 413 que recollería toda a débeda non recoñecida, no caixón. Débeda non recoñecida que non pagaban.

O Sr. Millán di que o Sr. Freire non debe preocuparse. Ímolles dar a ocasión de pagar esa débeda recoñecida e non pagada. Non imos dar dereito a contraer máis débeda sen permiso e pagar a débeda cando non gañaron os votos suficientes para aprobala. Quero lembrar a frase da Alcaldesa de Madrid, unha cousas son peras e outra mazás, non se poden mezclar. Nós falamos de unhas cousas e o Alcalde de outras. Vostedes teñen oito votos e un mandato para xestionar un Orzamento existente, non para xestionar o que non está. Poden contraer a débeda que queiran pero cos límites do Orzamento. O que teñen que facer é preparar un Orzamento pactado que inclúa estes gastos. Tráiano ao Pleno. O resto son xogos de artificio. É unha mostra da súa incapacidade política. Non teñen os votos nin a maneira de conseguilos para xestionar o Concello de Moaña. Nós fixémoslo durante oito anos. Vostedes non os teñen.

Rematada a quenda de intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía sobre aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por diversas facturas, quedando rexeitada por oito votos a favor, dos Concelleiros do PP, e nove votos en contra, sete dos representantes do BNG, e dous dos representantes do PSG-PSOE.

ANEXO

RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS XANEIRO DE 2012

FACTURAS DE PROVEDORES			
AGROCAR, S.C.	1.756,83	1710 21900	Arrancho maquinaria de xardins
AGROCAR, S.C.	251,17	1710 21900	Arrancho maquinaria de xardins
AGROCAR, S.C.	192,20	1710 21900	Arrancho maquinaria de xardins
AGROCAR, S.C.	751,37	1710 21900	Arrancho maquinaria de xardins
AGROCAR, S.C.	592,29	1710 21900	Arrancho maquinaria de xardins
ALM. CRISTALERIA MOAÑA	1.298,00	4310 21200	Arrancho praza de abastos
ALM. CRISTALERIA MOAÑA	1.509,39	varias	Arranchos varios
ALMACENES CANDUCHO	607,10	1550 22115	Subministro materiais para servizos
ALMACENES CANDUCHO	1.455,40	1550 22115	Subministro materiais para servizos
ALMACENES CANDUCHO	517,21	1550 22115	Subministro materiais para servizos
ALMACENES CANDUCHO	854,96	1550 22115	Subministro materiais para servizos
ALMACENES CANDUCHO	899,77	1550 22115	Subministro materiais para servizos

ALMACENES CANDUCHO	1.268,41	1550 22115	Subministro materiais para servizos
ALMACENES CANDUCHO	731,00	1550 22115	Subministro materiais para servizos
ALMACENES CANDUCHO	1.481,93	1550 22115	Subministro materiais para servizos
BANDA DE MUSICA	954,00	3250 22609	Actividades extraescolares
BERNARDEZ SOUTO, S.L.	4.519,15	1550 22115	Subministro materiais para servizos
BERNARDEZ SOUTO, S.L.	3.216,31	1550 22115	Subministro materiais para servizos
BERNARDEZ SOUTO, S.L.	837,81	1550 22115	Subministro materiais para servizos
CANCELAS COLLAZO, C.B.	743,40	3420 22199	Subministro de sábanas
CONST. TEU LAR ARDAN	1.177,64	3120 21200	Arrancho casa do médico de Meira.
COVSA	1.128,81	1550 21000	Subministro aglomerado para bacheos
DOMAIO, F.C.	295,51	3420 22100	enerxía eléctrica campo da Granxa
ELECTROAUTO CANGAS	945,51	1550 21400	Arrancho vehículos de Servizos
ESTUDIOS MIKAR, S.L.	413,00	1510 22706	Medición parque infantil de Tirán
FONCAL MORRAZO, S.L.	696,20	1640 21200	Arranchos no cemiterio municipal
FONCAL MORRAZO, S.L.	4.236,20	3210 21200	Arranchos no colexio de Reibón
FONCAL MORRAZO, S.L.	790,60	3210 21200	Arranchos no colexio de Domaio
FRANCISCO FERREIRO G.	3.209,60	1550 21000	Traballos tractor arrancho varios
FRANCISCO FERREIRO G.	2.218,40	1550 21000	Traballos tractor arrancho varios
GASOLEOS SANCHILAN	75,15	9200 22103	Combustible vehículo notificador
GASOLEOS SANCHILAN	147,54	1340 22103	Combustible salvamento en praias
GASOLEOS SANCHILAN	491,35	1340 22103	Combustible vehículos P. Civil
GASOLEOS SANCHILAN	1.043,24	1340 22103	Combustible vehículos P. Civil
GASOLEOS SANCHILAN	171,01	1340 22103	Combustible salvamento en praias
GASOLEOS SANCHILAN	532,00	1320 22103	Combustible vehículos P. Local
GASOLEOS SANCHILAN	766,65	3120 22103	Combustible centros de saúde
GASOLEOS SANCHILAN	462,25	1340	Combustible vehículos P.

		22103	Civil
GASOLEOS SANCHILAN	699,14	1320 22103	Combustible vehiculos P. Local
GASOLEOS SANCHILAN	611,63	1320 22103	Combustible vehiculos P. Local
GASOLEOS SANCHILAN	584,90	1340 22103	Combustible vehiculos P. Civil
GASOLEOS SANCHILAN	651,66	1320 22103	Combustible vehiculos P. Local
GASOLEOS SANCHILAN	576,08	1320 22103	Combustible vehiculos P. Local
GASOLEOS SANCHILAN	1.982,52	1550 22103	Combustible vehiculos de servizos
GASOLEOS SANCHILAN	2.185,00	varias	Combustibe centros deportivos e colexios
GASOLEOS SANCHILAN	500,00	3420 22103	Combustible campo futbol de O Casal
GASOLEOS SANCHILAN	543,09	1340 22103	Combustible vehiculos P. Civil
GASOLEOS SANCHILAN	2.381,51	1550 22103	Combustible vehiculos de Servizos
GASOLEOS SANCHILAN	2.707,14	1550 22103	Combustible vehiculos de Servizos
GASOLEOS SANCHILAN	2.154,66	1550 22103	Combustible vehiculos de Servizos
GASOLEOS SANCHILAN	2.371,60	1550 22103	Combustible vehiculos de Servizos
GRUPO JCA HORMIGONES	618,06	1550 21000	Subministro formigón arranchos varios
GRUPO JCA HORMIGONES	1.832,30	1550 21000	Subministro zavorra arranchos varios
GRUPO JCA HORMIGONES	307,11	1550 21000	Subministro formigón arranchos varios
GRUPO JCA HORMIGONES	1.331,77	1550 21000	Subministro formigón arranchos varios
INST.ARTISTICAS IVAN	2.242,00	4320 20202	Aluguer carpa festa do mexillón
INST.ARTISTICAS IVAN	3.540,00	4320 20202	Aluguer carpa festa San Martíño
LIDIA JORDAN Y CIA, S.L.	648,01	1710 22199	Subminist tela loneta palco da música
MADERAS COBRES, S.L.	108,89	3210 21200	Materiais para arrancho xardins
MADERAS COBRES, S.L.	446,32	3210 21200	Materiais para arrancho colexios
MADERAS COBRES, S.L.	394,59	3210 21200	Materiais para arrancho xardins
MONTES COSTAL, Mª Luz	136,81	3210 22110	Productos limpeza- Preesc.Quintela
MONTES COSTAL, Mª Luz	196,42	3210 22110	Productos limpeza- Preesc. O Real

MONTES COSTAL, Mª Luz	300,04	3210 22110	Productos limpeza- Colexio A Seara
MONTES COSTAL, Mª Luz	213,21	3210 22110	Productos limpeza- Colexio Reibón
MONTES COSTAL, Mª Luz	298,75	3210 22110	Productos limpeza- Colexio Quintela
MONTES COSTAL, Mª Luz	125,48	1550 22110	Productos limpeza para Servizos
MONTES COSTAL, Mª Luz	167,10	3120 62300	Aspiradora centro fisioterapia
MULTISPORTS GALICIA, SL	1.478,21	3410 22609	Organiz.carreira pedestre Concello
O. Y S. FERNANDEZ, S.L.	236,00	1550 22300	Recollida e transporte de entullos
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	6.513,60	1320 22104	Vestiaro Policia Local
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	1.062,00	1320 22104	Vestiaro Policia Local
PRETO DE TI, S.L.	13.033,95	2310 22617	Axuda domicilio dependencia novemb-11
RODRIGUEZ ABAL, J. Luis	252,52	1320 22000	Material de oficina para Policia Local
RODRIGUEZ ABAL, J. Luis	99,12	9200 22000	Material de oficina para oficinas.
S.D.C. SAMERTOLAMEU	12.036,00	3410 22609	Organizacion XXIX regata de trañas
SILVAREIRA, S.L.	2.950,00	1620 21000	Restauración vertedeiro municipal
URBASER, S.A.	21.568,51	1630 22707	Servizo limpeza viaria – decembro 2011
URBASER, S.A.	21.568,51	1630 22707	Servizo limpeza viaria – outubro 2011
URBASER, S.A.	21.568,51	1630 22707	Servizo limpeza viaria – novembro 2011
VIROCEM, S.L.	1.289,17	1510 22702	Control de ruidos e vibracións
VIVEIROS ADOA, S.L.	461,62	1710 22199	Subministros varios para xardins
GAS NATURAL S.U.R.	70.748,92	varias	Enerxía electrica mes de maio 2011
GAS NATURAL S.U.R.	9.728,72	varias	Enerxía electrica mes de xuño 2011
GAS NATURAL S.U.R.	44.792,07	varias	Enerxía electrica mes de xullo 2011
GAS NATURAL S.U.R.	28.807,27	varias	Enerxía electrica mes de agosto 2011
GAS NATURAL S.U.R.	35.438,53	varias	Enerxía electrica mes de setembro 2011
TELEFONICA DE ESPAÑA	2.988,03	varias	Telefono fixo mes de agosto 2011
TELEFONICA DE ESPAÑA	2.860,75	varias	Telefono fixo mes de

			setembro 2011
TELEFONICA DE ESPAÑA	3.034,36	varias	Telefono fixo mes de outubro 2011
TELEFONICA DE ESPAÑA	2.977,83	varias	Telefono fixo mes de novembro 2011
TELEFONICA DE ESPAÑA	3.111,87	varias	Telefono fixo mes de decembro 2011
TELEFONICA MOVILES	2.240,50	varias	Telefono móbil mes de agosto 2011
TELEFONICA MOVILES	2.181,29	varias	Telefono móbil mes de setembro 2011
TELEFONICA MOVILES	1.965,11	varias	Telefono móbil mes de outubro 2011
TELEFONICA MOVILES	2.029,73	varias	Telefono móbil mes de novembro 2011
TELEFONICA MOVILES	1.868,47	varias	Telefono móbil mes de decembro 2011
TELEFONICA MOVILES	160,48	varias	Conexión internet P.Local.P.Civil e T.
TELEFONICA MOVILES	160,48	varias	Conexión internet P.Local.P.Civil e T.
Suma	393.306,28		

PROCESOS SELECTIVOS 2009, 2010 e 2011	
PEREZ GARCIA, Carmen	850,68
RODRIGUEZ VELOSO, José	1.282,11
BOUBETA GARCIA, Jesus M	110,16
TOREA PRIEGUE, Maria	547,74
COSTA DIZ, Eugenio	550,80
CABEIRO DOPICO, Angeles	890,46
GARCIA LORENZO, Elena	36,72
SANTOME SANTIAGO, Marta	110,16
PAREDES PAREDES, José	36,72
SANTIAGO DIAZ, David	153,00
GUTIERREZ SAMPEDRO, Maria J.	110,16
CHAPELA LEMOS, Gloria	403,92
BOUBETA FERNANDEZ, José	110,16

PROCESOS SELECTIVOS 2009, 2010 e 2011
 MONITORES DE XIMNAXIA.....
 605,88
 OFIC. INSTLACIONES DEPORT...
 679,32
 COOPERACION LOCAL.....
 795,60
 MONITOR DE XIMNAXIA.....
 569,16
 EDUCADORA FAMILIAR.....
 379,44
 PROFESOR DE FRAUTA.....
 342,72
 INFORMADORES TURISTICOS..
 379,44
 SALVAMENTO EN PRAIAS.....
 985,32
 MANTEN. ZONAS VERDES.....
 495,72
 PROFE. TROMBON E
 PIANO....342,72
 XESTION DE PERSOAL.....
 361,07
 AUXILIARES POLICIA LOCAL....
 948,60

COYA PORTAS, Cesareo	36,72
BOUBETA ROUCO, José	36,72
MARTINEZ DEL RIO, Alexandre	36,72
MARTINEZ SANTOME, José	110,16
PARAMOS CORRALES, Angel	36,72
PIÑEIRO SARMIENTO, Carlos	477,36
CASAL BLANCO, xURXO	278,46
GESTIDO MALVIDO, Eugenio	119,34
GARCIA RODAS, Jesus	367,20
SOBRAL POCEIRO, Xulio M.	367,20
IGLESIAS OTERO, Obdulio	183,60
DOMINGUEZ PORTAS, Jose Luis	183,60
GRAÑA SANTA CLARA, José A.	361,07
ROSALES MUÑOZ, Juana Maria	128,49
LORES RIVERA, Patricia	183,60
ROCAMONDE GOMEZ, Ramón	119,34
GARCIA GARCIA, Rosa Maria	73,44
SOAGE BERNARDEZ, Mar	79,56
LAGO VAZQUEZ, Guillermo	36,72
suma	8.408,81

AUXILIAERES POLICIA LOCAL..
948,60
AXENTE TIC.....
575,22

**ASISTENCIAS AS SESIONS DOS ORGANOS DE
GOBERNO MUNICIPAIS E DELEGACIONES.
CORRESPONDENTES AO MES DE DECEMBRO
DE 2011**

CRUZ COUSO, Maria Libertad....	229,16
FREIRE CANCELAS, Jose	303,53
FREIRE RIOBO, Marta	278,74
GONZALEZ RIOBO, Angel M....	204,37
LOPEZ FREIRE, Mª Colomba....	229,16
MAYA SANTOME, Mª Carmen...	204,37
MARTINEZ NOGUEIRA, Maria...	253,95
MILLAN OTERO, Xosé Manuel...	229,16
PIÑEIRO GONZALEZ, Valentin...	204,37
PASTORIZA LINO, Victor M.....	89,79
RIOBO ROUCO, Mª Beatriz.....	253,95
RIOS SANTOME, Coral.....	130,00
RODAS CHAPELA, Daniel	204,37
SANTOME GESTIDO, Jorge.....	253,95
SOLLA VEIGA, Mª Rosa	328,32
Total asistencias	3.397,19

OUTROS CARGOS.

ISLAS ATLANTICAS, S.L.....	367,70		Aluguer Casa-Pazó gardería xuño 2009
PROMOC.SOUTO Y GLEZ., SL.	2.600,00		aluguer C.Fisioterapia – Decembro 2011
PAZ COSTA, Amanda	600,20		aluguer casa médico Meira – Dec.2011
MARTINEZ RIOS, Ana Maria	571,14		aluguer local ensaio Meira – Dec. 2011
BOUBETA PENA, Isabel	274,44		aluguer local ensaio Martinga – Dec 2011
SANTOME GESTIDO, Manuel....	941,44		aluguer c.cultural O Real – Dec. 2011
LORENZO ALONSO, Pilar	1.152,00		Gastos comunidade 2009 e 2010
SANTOME GESTIDO, Manuel....	21,10		Gastos luz aluguer C.Cultural O Real
PIDRE COBAS, Aurora.....	54,96		Gtos. luz,agua e lixo. C.Xubilados Meira
PIDRE COBAS, Consuelo	54,96		Gtos. luz,agua e lixo. C.Xubilados Meira
PIDRE COBAS, José	54,96		Gtos. luz,agua e lixo. C.Xubilados Meira
PIDRE COBAS, Maria	54,96		Gtos. luz,agua e lixo. C.Xubilados Meira
PIDRE COBAS, Teresa.....	54,96		Gtos. luz,agua e lixo. C.Xubilados Meira
DEPUTACION PROVINCIAL.....	174,65		Servizo teleasistencia ano 2011
CASAS CURRO, Lois Alberte....	60,42		Axuda custo gastos desprazamento
Total outros cargos	7.037,89		

TOTAL RECOÑECEMENTO...	412.150,17
-------------------------------	-------------------

DEREITOS RECOÑECIDOS A FAVOR DO CONCELLO POR BONIFICACION EN FACTURAS.

TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A. ...	426,51	Factura 28-I187-101829
TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A. ...	407,39	Factura 28-J187-035037
TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A. ...	342,03	Factura 28-K187-027267
TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A. ...	348,09	Factura 28-L187-080508
TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A. ...	326,49	Factura 28-A287-364236
Suma dereitos recoñecidos.....	1.850,51	

Moaña, 23 de xaneiro de
2012

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, di que lle gustaría que se trasladase a pregunta que formulou na última Comisión Informativa respecto das medidas que ven de aprobar o Goberno do Estado. Sube o IBI, o IRPF... Ademais tomouse unha medida respecto da xornada de traballo do persoal das Administracións Públicas. O convenio actual do Concello de Moaña estipula unha xornada en cómputo semanal de trinta e unha horas e media, que compensan ca asistencia ao rexistro os sábados. ¿Cómo se vai a aplicar á plantilla municipal o Decreto Lei aprobado polo Goberno?. Aclárenolo cantos antes. Ademais vanlles baixar o soldo. Fantástica medida para reactivar a economía.

O Sr. Alcalde afirma que convén lembrar ao Sr. Pastoriza que hai que ser máis decente na vida política. Non estás en condicións de esixir a este Goberno, que leva vinte días, cando o teu Goberno arruinou o país, cando deixastes a todos os veciños sen luz e auga.

O Sr. Pastoriza sinala que a xornada é de trinta e dúas horas e media.

O Sr. Alcalde di que o BNG deixa aos veciños de Moaña sen luz e sen auga por non aprobar o recoñemento de facturas dos últimos anos. Xa o fixestes co crédito ICO. Respondemos con Fenosa, cousa que vós non fixestes. Empresas e autónomos aos que non pagastes e que agora quedan sen cobrar pola vosa culpa.

A Sra. Nogueira, Concelleira do BNG, afirma que quere formular dúas preguntas. Respecto do Centro Cultural Rosalía de Castro de Domaio gustárame saber cando vai comezar a funcionar, os horarios de uso, o mobiliario... Se van facer acto de inauguración. Tamén quero saber da pranta alta do Mercado. ¿Cal vai ser o seu uso?. A anterior Corporación deixouna acondicionada coma aulta multiusos.

O Sr. Alcalde di que agradece a pregunta. No Centro Rosalía de Castro estase a facer o traslado da biblioteca e da asociación de veciños. Falta organizar os horarios, cando o teñamos pasarémosche unha copia. Sobre os mobles, dotouse de mobles novos, pero imos aproveitar os antigos. Polo que se refire á pranta alta do mercado, houbo unha reunión, estase a tramitar a ordenanza. Trataremos de mellorar todos os edificios públicos de Moaña.

A Concelleira do BNG, Sra. Cruz, pregunta sobre o clube de xubilados de Meira. Na última declaración que sacou en prensa dixo que era unha realidade. ¿Hai algún proxecto?. ¿Existe algún acordo ou convenio con Portos?. ¿Ten partida orzamentaria ca Xunta?. ¿Canto aporta o Concello?.

O Sr. Alcalde responde que haberá noticias en breve. Compromiso da Xunta de de Portos. Hai que salvar uns escollos con Portos e con Costas. No 2007, a Casa de Cultura de Meira estaba feita. Iso foi unha estafa. Agora temos proxecto.

O Sr. Rodas, Concelleiro do BNG, afirma que en outubro, o Concelleiro de Servizos falaba de que atoparon na nave de servizos de diverso material sen utilizar, ferramentas e botas. A sorpresa do Alcalde era tal que plantexaba a necesidade de saber quen o abandonou e incluso de facer un inventario do material. Pasou o tempo e non vemos que se acadase unha solución ao problema. ¿Averiguou o Alcalde quen abandonou o material?. ¿Inventariouse?. ¿Deuse solución ao problema?. No mes de outubro o BNG presentou unha moción sobre a subministro de auga aos barrios altos de Moaña. Naquel Pleno, o Concelleiro de Parroquias dicía que o Goberno xa se movera. Pasaron os meses. A pregunta é se o Goberno xa ten o susodicho proxecto. ¿Presentarano aos veciños e á oposición?.

O Sr. Alcalde di que os que quedaron sorprendidos foron algúns dos representantes que se sentan na bancada da oposición cun material que se estaba deteriorando. Vós votastes oito anos gobernando e non lle atopastes unha solución. Nós estamos a traballar para darlla.

O Sr. Millán responde á afirmación do Sr. Alcalde.

(O Sr. Alcalde formula unha advertencia ao Sr. Millán). Millán non estás no uso da palabra. Respecto do abastecemento de auga, saben cales son os pros e contras dese proxecto. Quedouse en que os técnicos elaborarían o proxecto. Están a traballar. Cando o teñan farase partícipe e buscarase financiamento.

O Sr. Millán di, por alusións, que se lle ocorre unha idea para liberar a nave. Agora que chega o entroido poderíase entregar o material ás comparsas.

O Sr. Alcalde responde que o Sr. Millán ten ideas moi boas. Falou de poñer un chiringuito para vendelas.

A Sra. Ríos, Concelleira do BNG, afirma que quere facer unha pregunta respecto da Mesa de Comercio. A única cuestión da que se tratou na reunión foi da ordenanza da praza de abastos. Sr. Alcalde, explíqueme a foto que sae na prensa co Sr. Rial onde di que se falou da axuda do FEDER. Alí non informou de nada. ¿En qué consiste a axuda?. Por outra parte, ¿qué vai facer ca OEP do 2008?, hai varias prazas por cubrir, agora cubertas con eventuais.

O Sr. Alcalde responde que á prensa lle falou de que a Mesa Local de Comercio valía para ter a máxima información e tamén para que o Concello informase de das subvencións que saían. Dixen que íamos solicitar as subvencións que sairán. As subvencións xa as houbo no pasado. Non falei diso na Mesa pero o que dixen na prensa foi que a Mesa estaba para dar informacións sobre as subvencións aos comerciantes. Sobre a segunda pregunta, recentemente houbo eleccións sindicais. Reunímonos o primeiro xoves de cada mes. O novo Comité aínda non pediu reunión. Queremos saber a súa opinión. Estamos a agardar pola convocatoria.

O Sr. Piñeiro, Concelleiro do BNG, reclama unha cuestión de orde. Escoltouse a un veciño, de maneira xenófoba, pedindo ao Voceiro do BNG que marche para Bueu.

O Sr. Alcalde di que todos somos xa maiores. Merecemos un respecto.

O Sr. Piñeiro di que non escoitou do Sr. Alcalde chamar á orde a ese veciño. Que conste en acta. A miña primeira pregunta é respecto do Plan de Investimentos da Deputación para o período 2009-2011, para xerar emprego a través da obra pública. O orzamento ascendía a setenta millóns de euros dos que novecentos oitenta e seis mil oitocentos oitenta e oito euros correspondían ao Concello, e que o Concello aprobou destinalos á pavimentación de camiños nas parroquias do Concello. Con toda esa cantidade o Sr. Fervenza dicía que se estaba abandoando ao rural. A práctica totalidade das obras fíxoas o Goberno anterior. Quedaron pendentes tres: Camiños de Verdeal, Caleixón de Suárez e Camiño da Masandía. Que quede claro que o BNG nunca estivo en contra do proxecto do Caleixón do Suárez. Non vexo agora mellora sustancial. Non entendemos en qué mellora o modificado da obra. Cambio de un camiño empedrado en vez de empichado. A modificación debía contemplar a totalidade do camiño. Vostedes son un goberno barato e carente de ideas.

O Sr. Alcalde pregunta se o Sr. Piñeiro non está de acordo co traballo feito no caleixón de Suárez. ¿Cal é a pregunta?.

O Sr. Piñeiro pregunta se pode falar. O Alcalde ten dito que non ten problema en estar ata as doce da noite. Estaba a falar das obras pendentes de executar. A outra obra que falta por executar é o Camiño da Masandía. (O Sr. Piñeiro lee unha nota de prensa). Atópome ca sorpresa de que di na prensa que a obra é inexecutable. ¿Hai un papel asinado por un técnico que di que a obra non se pode executar?. A pregunta é concreta: ¿Cando ten pensado o Goberno Municipal executar a obra que leva un ano adxudicada? Sobre o aparcamento da zona do Rosal, hai notas de prensa. Faro de Vigo de 5 de agosto, falaba de un parking de superficie cerca da piscina municipal. Trabscorriron seis meses. Non sabemos nada. ¿Vaise facer algo?. O anterior Alcalde xestionou unha piscina municipal no Rosal, ¿cando vai entrar en funcionamento o aparcamento do Rosal para os usuarios da piscina?

O Sr. Alcalde di que o Sr. Piñeiro falaba do plan de investimentos da Deputación. Trasládareilles a súa preocupación. A Deputación insiste en Moaña. Estanse a facer as obras. Os veciños pediron unha modificación do proxecto. Nós non imos poñer unha maqueta. Sobre a Masandía, tratamos de facer a obra. Non creo que leve seis anos. No Rosal vao haber un aparcamento, non de vintemil metros, pero vanse ocupar cinco mil metros. (A continuación o Sr. Fervenza lee unha relación de obras da Deputación). Tamén estase a facer obras no campo de fútbol do Casal. Trataremos de actuar no parque de Domaio. Tamén no parque infantil da Meixoadá, no asfaltado de Domaio... A Casa de Cultura de Berducedo, que estivo sete ou oito anos abandonada. Tratamos de que as obras se financien por outras Administracións ao cen por cento. A curva da Lomba leva agardando sete ou oito anos. En poucos meses pagamos cincocentos mil euros para o Centro Rosalía de Castro. Chegamos a un acordo co Clube Deportivo Moaña sobre as chaves. Tratamos de xestionar os problemas neste Concello. melloramos viais, ca axuda da Deputación. O Concelleiro Delegado está a patear todo o Concello. estamos a traballar na mellora do alumeadado público, tratando de atopar unha solución.

O Sr. Piñeiro sinala que o Sr. Alcalde non lle contestou á pregunta de cando ían executar a obra ou cando ían poñer en funcionamento o aparcamento. Ademais, non están a asfaltar en quente, senón que estano a facer, sobre todo en rego asfáltico. Sobre o Caleixón do Suárez, modificar o proxecto non pode ser para empeorar a obra. A xestión política é presentar proxectos.

O Sr. Alcalde responde que para o Sr. Piñeiro non é importante a saúde dos veciños, temos o caso do consultorio médico de Meira. Fala de que non se fixeron proxectos en Moaña. Vostede fixo a estafa da maqueta do Auditorio. Vostede non quere mirar o que levamos feito, aínda pouco porque levamos oito meses. Vostede tivo catro anos. Pode pedir un auditorio en catro meses. Sobre as datas non lle vou enganar. Non depende de min. Depende de técnicos, de outras Administracións. Non lle vou enganar como o que fixeron vostedes ca Casa da Cultura, presentando unha maqueta aquí. Mentres estea aquí direi sempre a verdade. Vostedes estafaron aos veciños de Moaña, e no momento das vacas gordas. Despilfarraron os cartos. Non se pode enganar aos moañeses. Non vou facer o que fixo o BNG, estafar aos veciños.

O Sr. Piñeiro afirma que o Sr. Alcalde engana e enganou á pregunta de Daniel Rodas sobre o proxecto de abastecemento. Dixo que xa estaban en Urbanismo redactando o proxecto. Preguntei en Urbanismo pola mañá e non hai proxecto. Hai que ser máis serios.

O Sr. Alcalde responde que o único que engana fou o Sr. Millán. En xaneiro de 2009 falaban de facer un centro de día no antigo edificio. Estafa do BNG a Moaña. As setenta e catro vivendas sociais, os terreos do IES Paralaia... ¿Quéreme dicir quen estafou a Moaña todos estes anos? O único que estafou foi o BNG.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, sinala que cada vez que cite o meu nome pedirei a palabra por alusións. Trala súa fantástica intervención imos presentar unha moción onde proporemos que sexa Alcalde o Sr. Louzán, o Concello é unha sucursal da Deputación. Dispón das máquinas da Deputación. No tema Auditorio, posou con Roberto Varela hai oito meses prometendo que o Sr. Varela lle ía facer o Auditorio en Moaña. Varela xa está alí. Esas son as estafas. O meu Goberno Municipal xestionou as beirarrúas polas que pasean en Moaña, excepto metro e medio na entrada á Quintela.

O Sr. Alcalde di que o Sr. Millán faría moitas beirarrúas pero mentiu en todo o que teño aquí. Todo o que dixo vostede. O tempo poñerá a cada un no seu sitio. Trataremos de facelo o mellor posible. Eu non minto.

A Sra. Riobó, Concelleira do BNG, afirma que en diferentes comisións informativas o Concelleiro de Deportes fala dos plans, da construción e ampliación das pistas de tenis. ¿Teñen o proxecto redactado, quen o redactou, qué prazo importe e financiamento da obra?. Sobre o complexo do Beque falou de que o Concello non ten pensado renovar o contrato. ¿Teñen o prego da concesión?, ¿a qué agardan?.

O Sr. Alcalde di que admira o traballo do Concelleiro de Deportes polo seu traballo e dedicación, incluso deixando o seu traballo. Hai preocupación neste Goberno para que o clube de tenis teña esas pistas. Houbo unha reunión co Secretario Xeral para o Deporte e levouse un boceto. Está na súa mesa. Veremos se se leva a cabo ou non. Por tentalo non vai quedar. Hai un proxecto básico. Sobre a segunda pregunta, onte non asistín á Comisión. O Concelleiro de Deportes brindouse a manter unha reunión a próxima semana para chegar a un acordo e levar a bo término as instalacións do Beque. Falouse co Secretario. No expediente hai un estudo económico pero antigo. O Concelleiro xa recibiu varias ofertas para xestionar as instalacións. O Secretario está a traballar nesa documentación.

O Sr. Santomé, Concelleiro Delegado de Deportes, pide respecto aos Concelleiros da oposición. Parece que están a rir de todo o que se di, que se rín dos demais.

A Sra. Riobó responde que o Sr. Santomé non é quen para corrixila.

O Sr. Millán pide ao Sr. Alcalde, por alusións, que explique aos Concelleiros do seu Grupo dúas cousas: Non lles faltamos ao respecto en oito meses. Isto é unha Corporación Municipal, non un campo de fútbol. Preguntamos o que temos que preguntar. Que un Concelleiro recién chegado, rompecanillas nos explique cómo nos temos que comportar...

O Sr. Alcalde afirma que o Sr. Millán non ten respecto por nada. O que vostede quere facer aquí é un circo. En catro anos non tiven a oportunidade de facer unha pregunta. Aquí se escoita a todos.

A Sra. Riobó di, que na liña do xa comentado en Comisión, que o Goberno xa leva sete meses sen ser capaz de sacar un prego en condicións. En Semana Santa veñen un montón de turistas. Non apele agora á axuda da oposición.

O Sr. Alcalde di que por motivos persoais non puido asisir á reunión. Lamento profundamente que non lle informaran.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vintenove horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

Vº PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO